

Luns, 26 de xuño de 2017

Núm. 121

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### MUNICIPAL

#### NIGRÁN

#### Recadación

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA PARA O EXERCICIO 2017*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2017, o padrón de contribuíntes do “Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica”, correspondente ó exercicio 2017, poráse ó dispor do público no Concello de Nigrán por espacio dun mes, a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados, durante dito prazo, examina-lo mesmo e presentaren recurso de reposición perante o Alcalde –Presidente deste Concello, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó de remate do periodo de exposición (artº 14.2 do RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Asimesmo, de conformidade co previsto no artigo 12 do mesmo Texto Refundido, en relación cos artigos 62.3 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, do 17 de decembro) e 24 do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, do 29 de xullo), comunícaselle ós contribuíntes afectados, que o periodo voluntario de cobranza deste imposto, será dende o 26 de xuño ó 1 de setembro do 2.017, ámbalas dúas datas inclusive.

O imposto deberá satisfacerse, consonte co artigo 23 e segs. do Regulamento Xeral de Recadación, a través das seguintes entidades bancarias: LA CAIXA, ABANCA e BANCO PASTOR, ou a través da páxina web do Concello de Nigrán “[www.nigran.org](http://www.nigran.org)”, na opción “Pago de recibos”, utilizando os instrumentos de ingreso que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario,

No caso de perda do devandito instrumento de ingreso, ou no caso de que a 1 de agosto do 2017 non se tivese recibido o mesmo no seu domicilio, o obrigado ó pagamento poderá, ata o día de remate do periodo de cobranza, obter un duplicado na oficina de Recadación do Concello (Pza. da Constitución nº 1. Nigrán), posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento, e non impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en periodo voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción do recargo correspondente e demás conceptos esixibles, tal e como se fixan nos arts. 26, 28 e 161.4 da Lei Xeral Tributaria.

O Alcalde.

